

Anxos Sumai (Catoira, 1960), escritora, tradutora e documentalista, é unha das autoras máis relevantes da literatura galega. Comezou a súa andaina narrativa a mediados dos anos 80, o que lle valeu xa varios galardóns literarios. A comezos do novo milenio vencella parte da súa produción á rede con grande éxito de lectores. A publicación da súa obra, onde cada nova proposta constitúe un novo procedemento de búsqueda, está avalada polo recoñemento dos receptores e da crítica. *Anxos da Garda* (A Nosa Terra, 2003), *Melodía de días usados* (Galaxia, 2005), *Así nacen as baleas* (Galaxia, 2007) e *A lúa da colleita* (2013) son as novelas que publicou ata este momento. A seguinte entrevista centrarase nesta última narración, da que se inclúe unha recensión nesta web, que logrou o premio García Barros, o Premio da Crítica Española e o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

P: Facendo un exercicio de síntese considerable, podería dicirse que *A lúa da colleita* é unha novela onde a protagonista, Nuria, tenta reconstruírse. Que importancia ten este tema para ti?

R: Para min é o tema central. Máis que a reconstrución da persoa é a aceptación da parte emocional e da parte racional, integrar todo nunha soa personaxe e os conflitos que crea esa integración. A min resultoume moi curioso ver como esa integración das dúas partes, como está moi levado ao extremo, chegou a producir na crítica unha lectura diagnóstica a partir duns síntomas que eu non tiña intención de mostrar. A miña idea era ver o ser humano como un conxunto holístico; somos todo isto; podemos ser persoas con luces e sombras, aínda que ás veces queremos quedar só as luces e rexeitar as sombras como se non fosen nosas, porque nos produce moitísima incomodidade. Acepto todo tipo de lecturas, pero a lectura clínica o que fai é que o lector se distancie, pensan que a protagonista non está ben, entón que a eles nunca lles podería pasar algo parecido.

P: Hai moitos personaxes secundarios, fundamentais para achegarnos ao individuo como temática xeral, e a Nuria e a Beth como personaxes principais. Moitos deles, sobre todos as protagonistas, son personaxes extremos, radicalizados. Poñer a lupa, reflectir unha imaxe aumentada, axúdanos a identificarnos mellor? A recoñecemos?

R: As características dos personaxes débense a miña maneira de escribir. Escribo moito de cada un dos personaxes, constrúo como varias novelas paralelas con cada un dos personaxes. No momento da reescritura vou eliminando ata quedarme coas características fundamentais. Tamén me interesan ese tipo de personaxes porque rodean o personaxe principal, Nuria, que se constrúe tamén a partir da visión deles, do que pensan os demais, por iso necesitaba uns personaxes intensos. Cada personaxe focaliza determinadas búsquedas de Nuria. Ela constrúese, quere dar unha imaxe,

desde os demais pero tamén para os demais. É todo un xogo de posibilidades; a construción da identidade desde distintos puntos de vista: de dentro para fóra e de fóra para dentro.

P: Consideras que o tema da identidade é importante na narrativa actual?

R: Si, considero que é importante e na sociedade tamén. Supoño que ten que ver coa autoafirmación. Se non nos construímos como persoas, se non nos facemos fortes, malamente podemos participar nun colectivo. Ten que ver tamén coa dispersión que hai coa identidade na rede. Fixen un experimento literario previamente no blogue *Anxos da Garda* que xogaba a buscar os límites entre o que é real e o que é ficticio. Como podo enganar ao lector. Paréceme que estamos un pouco inseguros ante un mundo que se vai transformando a unha velocidade increíble; cómpre facernos fortes e aceptarnos. Nuria estase buscando, quere reconstruírse, pero é tamén bastante perverso porque Nuria quere controlar, manipular, a imaxe que transmite aos demais.

P: Voltamos aos personaxes. Todos achegan significado á novela. Pero destacan como entes problematizados, intensos, as mulleres. Ata que punto quixeches afondar na construción dos personaxes como “mulleres”? Hai nas mulleres, por imposición ou non, máis “versións” que nos homes?

R: Interésame moitísimo investigar nas personaxes femininas. Xa pasaba en *Así nacen as baleas* e aquí tamén. Será porque son muller e proxecto nas personaxes as miñas propias búsquedas persoais. Como quero safar de prexuízos e aprender, trasládolles a elas unha búsqueda que eu estou facendo; son como espellos tamén para min. Aprendo moito con elas, con cada novela fágome moitas preguntas e avanzo. Que conste que tamén me interesan os masculinos; nesta novela hai moitas cuestións que me preocupan e que están tratados desde o punto de vista do home, como o tema da soidade ou o da acumulación. Pero interésame máis traballar coas mulleres. Aínda que ás veces hai unha parte inconsciente que interpretan os lectores e das que eu non me decatara.

P: Ademais de afondar nas personalidades inestables, cuestiónanse tamén as percepcións unívocas e os conceptos socialmente máis asentados como a materia, o tempo, o espazo. Que intencionalidade ten?

R: Posiblemente unha das cousas máis importantes que quería transmitir era a sensación de inestabilidade; que a persoa que lese sentise que estaba todo o tempo a punto de caer dun precipicio. Quería cuestionarme o transcurso do tempo; esta muller percibe o tempo dunha forma esférica, non ve a linealidade do tempo, e a min iso paréceme marabilloso. Tamén o espazo está moi buscado. Propoño un espazo que se ve como se fosen hologramas; a paisaxe que rodea a protagonista non ten consistencia. Por iso a búsqueda da identidade persoal, para facerse forte nun mundo

que está tambaleándose. De feito o desencadeante da problemática da protagonista é que non quere ningún tipo de imposición, de atadura, todo o que ten por diante ten que ser seu. Ela mostrarase rebelde instintivamente.

P: Tes comentado nalgunhas entrevistas que percibes, e a crítica tamén, unha evolución estilística na túa obra que pasa pola crecente depuración e síntese lingüística. Mais non por iso se perde nada de poder suxestivo e de evocación, tanto no debuxo duns personaxes complexos como no dos espazos. Conséguese crear unha atmosfera desacougante. Que estratexias empregas para conseguir transmitir estas sensacións?

R: Tratábase de que a persoa que le se puxese inmediatamente no lugar de Nuria. Foi cuestión de depuración lingüística; reducín os recursos literarios ao mínimo, quedei unicamente coas imaxes para conseguir emoción. Está moi calculado. A miña intención era que as palabras non funcionasen como unha tona de auga senón que as persoas se afundisen directamente na auga sen esa manobra de distracción. As imaxes que mostro buscan conmocionar e crear confusión. Mesturo tres planos: a realidade, a posible irrealidade e mais os soños. Para aceleralo tamén utilizo moitos verbos para transmitir acción. A luz e as cores tamén son importantes, é como se existise un foco en toda a obra.

P: Na novela insinúase unha presenza do mal, sexa a través da crueldade, mesmo tamén como manifestación de amor, sexa a través das envexas e dos malos desexos. E ás veces o mal agoiro faise realidade. De onde xorde o “mal” nos protagonistas?

R: Quería mostrar a unha persoa con todas as luces e as sombras. Temos partes que somos politicamente correctas e temos partes que somos escuras. Por exemplo, a xente non recoñece que ten envexa da mala e eu creo que todos sentimos nalgún momento envexa da mala. O que pasa é que esa muller pénsao, dío. Ten a mente aberta para min e conto todo o que aparece.

P: Tamén se ten dito da túa produción, e sobre todo de *A lúa da colleita*, que apela tanto ao impacto intelectual como ao emocional na procura de mudar o receptor. Que opinas desta consideración?

R: A min iso gústame, aínda que intento contalo de maneira que non sexa ferinte, pornográfico. Pero o poder das palabras é brutal, non fai falta que definas ata as profundidades, ata a absoluta miseria unha historia, para que a xente perciba o que queres dicir. A violencia dura en imaxes vese na tele, pero se o contas con palabras, empeza a doer; é como se traspasase capas ata chegar ás profundidades. O que pasa é que hai xente que se sente identificada con algúns trazos do carácter desta muller; sente unha especial convulsión, como por exemplo co tema do desexo de posuír ou de que alguén te posúa, con esas cousas que un non quere asumir.

P: Pasemos agora a unha perspectiva máis colectiva. *A lúa da colleita* acadou un grande recoñecemento por parte da crítica, o que lle valeu, ademais de recensións ben positivas, os premios García Barros, o Premio da Crítica e o da AELG. Esperabas este éxito? Como pensas que pode revertir na túa carreira?

R: Non, para nada, porque é unha novela estraña, de lectura difícil e que podía ser facilmente prescindible. Sorprendeume moito. Pensei que ía ser unha novela de lectura minoritaria. Eu estou moi agradecida e moi feliz porque un traballo se recoñeza e que vexan a valía da miña proposta. Pero cada obra enfócoa dunha maneira distinta, trabálloa dunha maneira distinta; os premios non me cohartan. Empezarei unha proposta literaria e, se non é aceptada, é o meu risco. Traballo en absoluta liberdade. É unha das cousas boas de ter un traballo que me paga as facturas e poder escribir pola miña conta. Podería ser unha vantaxe da literatura galega, por iso penso que hai grandes obras aquí en Galicia, hai novelas maravillosas que non teñen que temer en absoluto a cousas que se nos venden como grandiosas doutros sistemas literarios. Estamos ao nivel de calquera ou máis porque se dá esa circunstancia: temos liberdade creativa porque non vivimos de escribir.

P: Cales cres que son as principais trabas á hora de exportar narrativa galega a outras literaturas? Que botas de menos?

R: Para min o maior problema é o das traducións. Por que non se traduce máis? Pois supoño que en parte pola falta de apoios institucionais, podería ser tamén pola falta de vendedores, de axencias literarias, de publicidade fóra. Por exemplo, o traballo desta páxina web é maravilloso, ou o de Jonathan Dunne, que ten outra historia preciosa. Pero como se resolve?

P: Como situarías a túa obra dentro da narrativa galega actual, identifícaste con algunha liña temática?

Non. Vou totalmente por libre. Supoño que todas as persoas que escribimos buscamos o mesmo, contar o que somos, pero cada persoa faino desde un punto de vista diferente, cunha voz propia, e a min iso paréceme maravilloso. Eu quero construír unha voz miña para contar o mesmo que estamos contando todos. Eu en principio non teño un modelo claro, hai xente que me fascina, como Blanco Amor ou Margarita Ledo, pero non imito a ninguén. Hai temas que me interesan e que compartimos xente, un grupo de amigos, como Monteagudo, Constela, Antón Riveiro Coello e mais eu; compartimos moitos temas en común pero despois somos tan distintos á hora de tratalos, de literaturizalos, que ao final é imposible.

P: Podería ser o tema da identidade, ou da memoria?

Eu non sei se noutros sistemas literarios normalizados se traballa tanto a construción persoal. Nós, aquí, ao mellor é para facerse fortes nun mundo que parece que está a punto de extinguirse. Ao mellor ten algo que ver, a descomposición do país fai que eu me agarre, e outros autores e outras autoras nos agarramos ao tema da identidade persoal. Nuria é un personaxe en permanente construción, coma nós, que se transforma constantemente, ben a través da recuperación da memoria ou ben coa interacción coa realidade e as persoas que a rodean.